

## PAISAXEANDO COAS TICs POLOS ESPAZOS MULTILINGÜES: OBSERVAR PARA TRANSFORMAR

GABRIELA PREGO VÁZQUEZ & LUZ ZAS VARELA

Universidade de Santiago de Compostela

O obxectivo deste traballo é presentar os resultados do proxecto de investigación participativa *GrafiTIC a nosa paisaxe lingüística* que o grupo de investigación *Metalingüística* desenvolveu con estudantes de educación secundaria e bacharelato. O proxecto *GrafiTIC a nosa paisaxe lingüística* liga a investigación básica coas aplicacións a través das novas tecnoloxías para a elaboración de recursos TIC-TAC-TEP.

Os resultados permiten: (a) afondar nas novas ecoloxías multilingües mediante a análise da paisaxe lingüística mediada polas novas tecnoloxías; (b) ofertar recursos para a Educación lingüística crítica poñendo o foco na axencia das participantes mediante a investigación-participativa; (c) impulsar transformacións dende a investigación-acción para promover a xustiza sociolingüística.

### BIONOTAS

Gabriela Prego Vázquez é profesora titular de Lingüística Xeral na Universidade de Santiago de Compostela. Os seus campos de estudo son a etnografía sociolingüística crítica e a educación lingüística. Os resultados das súas investigacións foron publicados en libros e revistas especializadas como *Journal of Sociology of Language*, *Discourse Studies*, *Discourse and Society*, *Spanish in Context* o *Pragmatics*, entre outras. Forma parte da Asociación EDiSo en que desempeñou os postos de vicepresidenta, vogal de Discurso e Xustiza Social e coordinadora do *Observatorio do Discurso*.

Luz Zas Varela é profesora de Lingüística Xeral na Universidade de Santiago de Compostela. As súas publicacións céntranse na análise das ideoloxías lingüísticas en contextos educativos, nas prácticas comunicativas da superdiversidade e a educación lingüística crítica. Foi vicepresidenta da Asociación Internacional EDILIC (Educación para la Diversidad Lingüística y Cultural, 2014-2016) e vogal da Asociación de EDiSo (Estudios de discurso y Sociedad) e cocordinadora do Observatorio do Discurso de EDiSo.